

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 08/05/2019 9:14:01
SAIDA 5874/19

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante: D. Iago Muiños Pantín
Expediente. Nº **RSCTG 046/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D. [REDACTED], mediante escrito do 20 de Marzo de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20/03/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información á Secretaría Xeral de Emigración referente á obtención de copia da xustificación dos gastos aportada polo Centro Galego de Londres en relación ás subvencións concedidas en 2015 e á relación de pagos feita pola Xunta de Galicia

O reclamante indicaba que entende que a solicitude foi desestimada, ao non térselle notificada resolución nin ampliación do prazo para resolver.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e do seu DNI

Segundo. Con data 20 de Marzo de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Emigración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 26 de marzo de 2019.

Terceiro. Con data 11 de Abril de 2019 a Secretaría Xeral de Emigración contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a información solicitada polo reclamante non foi desestimada por silencio administrativo senón que se demorou a súa resposta, superándose o prazo legalmente previsto, debido a razóns de operatividade, preferencia e urxencia por coincidir cun período de máxima actividade nos distintos servizos da Secretaría, de tramitación da maioría das convocatorias dos programas que executa en favor da emigración e de presentación das respectivas solicitudes, que afectaron á tramitación e resolución desta solicitude, tal como se lle sinalou ó interesado na resolución do 02 de abril de 2019 que se lle enviou.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O interesado presentou a reclamación ante a Comisión da Transparencia unha vez transcorrido o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016 para a resolución dunha solicitude de acceso á información pública sen que a Secretaría Xeral de Emigración resolvera a súa solicitude, resolución que se produciu o 4 de abril de 2019, polo que debe admitirse a resolución por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Secretaría Xeral de Emigración indica no seu informe, que a solicitude de acceso á información non foi desestimada por silencio administrativo, senón que se demorou a súa resposta, superándose o prazo legalmente previsto, debido a razóns de operatividade, preferencia e urxencia por coincidir cun período de máxima actividade nos distintos servizos da Secretaría, de tramitación da maioría das convocatorias dos programas que executa en favor da emigración e de presentación das respectivas solicitudes, que afectaron á tramitación e resolución desta solicitude, tal como se lle sinalou ó interesado na resolución do 02-04-2019 que se lle enviou.

Non se pode compartir esa afirmación, por canto de conformidade co disposto no artigo 27.5 da Lei 1/2016, o transcurso do prazo dun mes sen que se notifique ao interesado resolución expresa sobre a súa solicitude, implica a súa desestimación por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e abre a vía para a interposición de reclamación contra a resolución presunta, de acordo co que establece o artigo 28 da Lei 1/2016.

Se ben a Secretaría Xeral de Emigración resolveu, aínda que fora de prazo, conceder o acceso á información expresamente, debe lembrárselle que segundo o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

De acordo co anterior, ao ter acceso o interesado á información solicitada, procede a estimación, por motivos formais, da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar a por motivos formais reclamación presentada por D. [REDACTED] con data 20 de marzo de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información á Secretaría Xeral de Emigración referente á obtención de copia da xustificación dos gastos aportada polo Centro Galego de Londres en relación ás subvencións concedidas en 2015 e á relación de pagos feita pola Xunta de Galicia

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

33251717L Firmado digitalmente
 por 33251717L
MILAGROS MILAGROS MARIA
MARIA OTERO OTERO (R: 56500009C)
(R: 56500009C) Fecha: 2019.05.07
 12:31:09 +02'00'

Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia